

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, á mellora da dotación de persoal nos xulgados de Redondela e á creación dun terceiro xulgado nese partido xudicial.

Exposición de motivos

Nestes días faise evidente para a cidadanía a saturación dos xulgados de Redondela. Máis de catrocentos asuntos pendentes delatan a insuficiencia de medios e persoal que arrastran os xulgados dun partido xudicial que comprende ademais de Redondela aos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior, isto é unha poboación que excede dos corenta mil habitantes.

O persoal non é suficiente (15 funcionarios e funcionarias, dúas persoas desempeñando as funcións de secretaría e un xuíz e unha xuíza) componen toda a dotación xudicial, que comparativamente é menor á doutras vilas da zona, incluso con menor poboación. Á sobrecarga de traballo derivada desta plantilla insuficiente haille que engadir a tardanza inaceptable coa que a Xunta cubre as baixas de longa duración e a atención que estes xulgados teñen que prestar aos asuntos de violencia contra a muller ou non haber un xulgado específico. Na memoria de xulgados e tribunais presentada en 2015 apreciouse un notable incremento das causas pendentes en materia penal ao subir de 519 a 642 asuntos pendentes.

Cómpre lembrar que unha xustiza que non é en tempo deixa de ser xustiza. As tardanzas lesionan o principio constitucional da tutela xudicial efectiva. Cando un servizo público básico como é a administración de xustiza non funciona ben padece o axeitado funcionamento dun Estado que se reclama social e dereito.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que demande do goberno central a creación dun terceiro xulgado na vila de Redondela e a que amplíe a plantilla dos xulgados dese partido xudicial, cubrindo de forma rápida as baixas que se produzan.

En Compostela, a 11 de febreiro do 2016, no centésimo cuadraxésimo quinto aniversario da proclamación da I República.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/02/2016 12:40:26

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 11/02/2016 12:40:31

Eva Solla Fernández na data 11/02/2016 12:40:34

Anton Sánchez García na data 11/02/2016 12:40:38

Ramón Vázquez Díaz na data 11/02/2016 12:40:40

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2016 12:40:41